

## CONTROVERSIA ENTRE AS CORES

*Adiante hai sentados medio circulo de FLORES de diferentes cores. As CORES entran un por un con moito orgullo e miran ás demais cores con desprezo. No medio esta parado o XUÍZ, como unha estatua enriba dunha banca. Todas as cores empezan a dicir a súa propia cor ata que rematan berrando a súa cor unha ao outro. As flores adiante tapen os seus oídos.*

- Xuiz 1 : - ¡Pero que é todo isto?
- Xuiz 2: - ¡Menudo rebumbio teñen estes montado!
- Xuiz 3: - ¡Silencio!. ¡De que vai esta controversia?
- Cor azul: -Señores Xuíces, eu son a cor azul, a favorita de moita xente, mesmo o ceo e da miña cor.
- Vermello -Señores Xuíces, eu son a cor vermella, e son o símbolo do amor de a paixón e a sangue e da miña cor.
- Cor Amarela: -Pois señores xuices, eu son a cor amarela, a máis luminosa da miña cor é o sol.
- Cor Verde Eu son a cor verde, señores xuices, a cor da esperanza.
- Cor Laranxa Pois eu son, señor xuiz, son a cor laranxa unha cor moi enerxética, moitas froitas teñen a miña cor.
- Cor Morado Miren as súas señorías son a cor morada eu son unha cor moi elegante e moi sobria.
- Cor Branca Pois eu, son a cor branca, o símbolo da paz e do puro: a neve e a sal son da miña cor.
- Cor Negra -Señor xuiz, eu son a cor negra, a cor que todos os ollos teñen e atrae a luz.
- Xuiz 1 Calma, calma
- Xuiz 2 : - Por favor, manteñan a orden.
- Xuiz 3: -¡Pero cal é a razón desta disputa?
- Cor azul - Señorías, eu estou convencida de que son a cor máis fermosa. Observen vostedes a beleza desta flor. (Achégase a flor azul)
- Flor azul: Eu, eu quería dicir... gústaríame dicir que ... parece-me que ...

- Cor azul** As flores azuis xogan unha flor moi importante na beleza dos campos. E decir son a cor mais importante de todas. (Séntase a cor e a flor azul , achégase a cor vermella que recolle a flor vermella)
- Cor Vermello :** (Ao azul) ¡Flores azuis!, non hai flor que poida competir co brillo de unha flor vermella, e, os froitos vermellos son realmente os mais exquisitos do xardín.
- Flor vermella:** Si, pode ser, pero hai que pensar que .. Eu coido que..
- Cor Vermella:** (Separando a flor vermella) Xuíz, son a cor preferida dos nenos, moitos dos seus xoguetes e da súa roupa é de esa cor... casi todo o mundo coida que son unha fermosa cor. (Sentan a cor e a flor vermella. Achégase a cor amarela que recolle a flor amarela)
- Cor Amarela:** ¡Escandaloso!, as frores amarelas son as mais hermosas non cabe a menor dúbida.
- Flor amarela:** Si, pero eu coido... e hai que pensar que....
- Amarelo** ¡Cala, cala!, señor xuíz, son a cor do sol, do trigo e do ouro. Son cousas que a todos os humanos lles gustan e atesouran.
- Cor Verde** -Señorías, a inmensidade do campo, as árbores son na súa maioría verdes. Non hai xardín que sexa bonito sen o verde no que poidan contrastar coas flores
- Flor verde** - Iso é certo, pero.... Si o pensamos ben...
- Cor Verde** (Tapando a boca a flor verde) Son a cor da vida, e, ¡Son a favorita de moita xente!  
(Senta a flor e a cor verde. Érguese a cor e a flor morada)
- Cor morada:** Eu son uha cor moi elegante, realmente son a cor mais elegante e mais sobria de tódalas cores.
- Flor morada:** Si, é certo, pero penso que ...
- Cor laranxa:** Cala, son a cor mais fermosa e ti eres a mais fermosa das flores . (Sentan e érguese a cor e a flor laranxa)  
¡Elegancia, elegancia!, eu si que son unha fermosa cor, son a cor da enerxía, represento a alegría e a calor e o exotismo das froitas tropicais

- Flor laranxa: Si, Pero eu coido que, ....
- Cor laranxa: Digocho eu, non hai ninguén mais alegre e mais enérxico que nos. *(sentan a cor e a flor laranxa, erquénse a branca)*
- Cor Branca: Señorías, eu son a cor mais luminosa, a cor na que se reflicten tódalas demais cores.
- Flor branca: Se me permiten, teño aquí unhas fermosas palabras.
- Cor Branca: *(Beliscando o brazo da flor branca)* A luz da lúa é branca, tornando a noite negra en luz brillante. Non cabe dúbida eu son a mellor das cores.
- Cor negra: *(Sentan a flor e a cor branca, érquese a cor negra enoxada)* Pero ti estás tola, sen min, non existirías, A terra negra é a nai de toda a natureza. ¡E da miña cor!
- Flor negra: Pero, ¿por que non nos escoitan?
- Cor negra: O carbón, o petróleo que nos traen riqueza, a noite que nos permite descansar e negra ¡Realmente son a mellor cor do mundo!
- Cor branca: ¡Mancha asquerosa!
- Cor negra : ¡ puritana tonta!
- Xuiz 1 ¡Xa abonda!. Os vossos argumentos son realmente ridículos.
- Xuiz 2 Todos vostedes son unha fermosa manifestación da natureza. Todos son necesarios para crear a beleza que nos rodea.
- Xuiz 3 A variedade, só a variedade é o que crea a beleza. Por iso todas vos sodes importantes. ¿por que non escoitan as flores? Elas quixeron falar pero vostedes non as deixaron.
- Flor azul : Abdul Baha comparou a xente do mundo cun só xardín. Dixo: "vede un fermoso xardín cheo de flores, arbores e arbustos. Cada flor ten o seu encanto.
- Flor vermella: O xardín que é agradable aos ollos e que alegra o corazón é aquel no que medran xuntos flores con matices, formas e distintos perfumes...
- Flor amarela: Somos froitos da mesma arbore e as follas dunha soa rama.
- Flor laranxa : Debedes proceder uns cos outros con extremo amor e harmonía, con amizade e compañerismo.

- Flor verde** : A humanidade componse de moitas razas e os seus pobos son de diferentes cores: branco, negro, amarelo, vermello...
- Flor morada:** Todos procedemos do mesmo Deus. A diversidade na familia humana debería de ser causa de amor e harmonía
- Flor blanca** Como a música cando se tocan diferentes notas logrando un acorde perfecto.
- Flor negra:** Pensade que son flores de distintas cores, medrando nun fermoso xardín da humanidade, e sentídevos alegres de estar entre eles.

*Xúntanse todos e cantan*

FIN

Xuiz 2

Xuiz 3

Xuiz 1

Cor vermello

Cor azul

Cor amarelo

Cor morado

Cor laranxa

Cor blanca

Cor negra

Flor laranxa

Flor vermella

Flor azul

Flor amarela

Flor blanca

Cor verde

Flor verde

Cor rosa

Flor rosa

